

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**Organismo:** Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Capítulo:	
Epígrafe:	
(Para cubrir no "Diario Oficial de Galicia")	

SUMARIO:

RESOLUCIÓN do 17 de xuño de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se resolve definitivamente a convocatoria para a selección de centros para participar no proxecto Educación Dixital E-DIXGAL durante o curso 2016/2017.

TEXTO:

De conformidade co establecido no punto 7.3 da Resolución desta dirección xeral do 13 de abril de 2016 (DOG do 21 de abril) pola que se convocaba a selección de centros para participar no proxecto Educación Dixital durante o curso 2016/2017, esta dirección xeral

DISPÓN

Primeiro. Seleccionar os centros que se relacionan no anexo I desta resolución para participar no proxecto E-DIXGAL.

Segundo. Considerar non válida a solicitude do centro que se relaciona no anexo II.

Terceiro. Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso de alzada, perante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, segundo o disposto nos artigos 107.1, 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou, directamente, recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia conforme os artigos 10, 14 e 46.1º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da

xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2016

Manuel Corredoira López

Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa



INSÍRASE NO DOG

ANEXO I

Centros seleccionados

Educación primaria

Código	Centro	Provincia	Concello
15011661	CEIP Manuel Fraga Iribarne	A Coruña	Cariño
36009524	CEP Pedro Caselles Beltrán	Pontevedra	Tomiño

Educación secundaria obrigatoria

Código	Centro	Provincia	Concello
15027873	IES Afonso X O Sabio	A Coruña	Cambre
36016024	CPR Abrente	Pontevedra	Sanxenxo

ANEXO II

Solicitudes non válidas

Código	Centro	Provincia	Concello	Motivo
15004083	CPR Compañía de María	A Coruña	A Coruña	Xa é un centro E-dixgal
15018148	CPI de Atios	A Coruña	Valdoviño	Xa é un centro E-dixgal
36006641	CPR Calasancio	Pontevedra	Tomiño	Xa é un centro E-dixgal